

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: SAXOFÓN

Curso 2024-25

Conservatorio Profesional de Música de
Carballo

Profesor: Daniel Novo Pena

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	5
3. Atención á diversidade	7
4. Temas transversais	9
4.1. Educación en valores	9
4.2. TICs	10
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	11
6. Secuenciación dos cursos	11
6.1. 1º G.E.	11
6.2. 2º G.E.	20
6.3. 3º G.E.	31
6.4. 4º G.E.	41
6.5. 1º G.P.	51
6.6. 2º G.P.	61
6.7. 3º G.P.	72
6.8. 4º G.P.	83
6.9. 5º G.P.	94
6.10. 6º G.P.	106
7. Probas de acceso	120
7.1. Probas de acceso a 1º G.P.	120
7.2. Probas de acceso de 2º a 4º G.E.	121
7.3. Probas de acceso de 2º a 6º G.P.	121

1. **Introdución**

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da área de Saxofón, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes, como non podería ser de outra maneira, as características propias do centro onde se levará á práctica, o Conservatorio Profesional de Música de Carballo, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para iso, entre outras cousas, indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademáis dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas a consecución dos obxectivos propostos, sempre cunha certa flexibilidade que permita a súa concreción e adaptación as particularidades e necesidades de cada un dos alumnos e alumnas da especialidade.

Outra das prioridades tidas en conta na creación desta programación, dada a idade do alumnado nestas ensinanzas, sobre todo no Grao Elemental (idades comprendidas entre os 8 e 14 anos), aínda que tamén no Grao Profesional, foi favorecer o desenvolvemento de certas capacidades susceptibles de unha maior evolución e mellora nestas etapas educativas, como son a creatividade, concentración, coordinación psicomotriz, capacidade auditiva, dominio da memoria, capacidade comunicativa e autocontrol e relaxación fronte a situacións de certo estrés, coma poden ser actuacións en público.

Do mesmo xeito preténdese promover en todo o proceso de ensino - aprendizaxe o fomento de certos valores, normas de conducta e actitudes que favorezan o desenvolvemento integral do alumno ou alumna como persoa.

MARCO LEGAL.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

2. Metodoloxía

De forma xeral, aínda que empregaranse distintos estilos metodolóxicos, primarán os mais productivos, como son a resolución de problemas por parte do alumno ou alumna ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Dado que esta materia impartirase semanalmente cunha duración dunha hora faráse vital un correcto aproveitamento temporal de cada unha das sesións. É por iso que intentarase inculcar a puntualidade no alumnado, tendo en conta que nas ensinanzas musicais poden necesitar de certo tempo entre clase e clase para recoller o instrumento ou mesmo para transportalo de unha aula a outra.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que faise imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, débese ter en conta que a vocación do alumno ou alumna pode, é de feito na maioría dos casos así é, non estar totalmente definida de cara aos estudos superiores de música. En calquer caso, procurarase en todo momento a motivación d alumnado, que deberá resultar nun maior rendemento do mesmo, e pode que reforce ao mesmo tempo a súa incipiente vocación.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

- Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoevaluación e coevaluación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.
- Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivante, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino - aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as non o sexan mediante distintos mecanismos de feedback nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.
- Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción constructivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (intradisciplinares), tendoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estruturase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamiento en espiral dos contidos, profundizando no seu desenvolvemento respecto aos cursos

precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe).

- Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación - clase. Nesta mesma línea, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de taballo e aprendizaxe (trabaxos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- Principios de **interacción**: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno - alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coevaluación...), alumno - profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.

Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do grupo, no que atoparemos diferencias individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos: de forma xeral ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a para identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; e máis especificamente cada vez que se aborde un repertorio novo na agrupación, afinando no posible esas medidas. Igualmente destacable é a coordinación

dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia, e cos titores/as de cada un dos alumnos/as.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención á diversidade non significativas** serán as seguintes:

- Medidas de carácter xeral:
 - Selección o repertorio atendendo a criterios sociocéntricos (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).
 - Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do grupo.
- Medidas personalizadas:
 - Alumnado coa materia pendente do curso anterior: maior atención a posibles necesidades do alumno/a e contacto permanente co titor/a co fin de establecer unha estratexia conxunta no caso de atoparse dificultades.

Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención a diversidade significativas** reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento ao que está adscrito, do inspector e da propia familia e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

- Variación da metodoloxía.
- Adaptación do material didáctico (repertorio).
- Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade

acorde a cada alumno/a.

- Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas ca fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Educación en valores

Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Orquestra faremos especial fincapé, entre outros, aos seguintes:

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos
- Educación para a saúde
- Educación para o ocio
- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación do consumidor

Ademais, ao longo do curso o Centro organiza perodicamente actividades nas que

todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños, e, principalmente, de concertos solidarios en favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. O aula telecentro do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc. os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

- Audicións.

Programaríanse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na súa dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espírito crítico.

- Asistencia a concertos.

Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

- Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados.

Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas.

6. Secuenciación dos cursos

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 6º).

6.1. Curso 1º do Grao Elemental

Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- Detectar e practicar a respiración diafragmática.
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, altura do son, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecemento das dixitacións elementais.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Desenvolver a capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Acadar unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.

- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

Contidos

- Coñecemento dos aspectos históricos relacionados co instrumento: invención, a familia do saxofón...
- Práctica de exercicios de respiración sen e co instrumento, con atención calidade do son e dosificación do aire.
- Estudio dos matices, intervalos e articulacións sinxelas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica da escala de Do Maior co seu arpejo de tónica e a escala cromática.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e

cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Crterios de avaliación 1º do Grao Elemental

- Facer un uso correcto da respiración.
- Adquirir unha posición corporal adecuada e unha embocadura correcta na práctica instrumental.
- Acadar a destreza técnica propia do nivel e do repertorio traballado.
- Demostrar certo control e nivel de mellora sobre a calidade e nivel sonoro, timbre e afinación do instrumento.
- Facer un uso correcto dos diferentes matices e articulacións traballados.
- Mostrar unha actitude positiva fronte a todas as actividades propostas, tanto individuais coma grupais e tanto na aula, coma na casa, coma en público (audicións e concertos).

Mínimos esixibles 1º do Grao Elemental

PRIMEIRA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 4 métodos propostos).

- Saxo tempo de Jean Yves Formeau, unidades didácticas 1-3.
- O saxofón de Daniel Novo, canción da 1 á 9.
- Écoute, je joue de Jean Yves Formeau, unidades didácticas 1-3.
- A new tune a day de Ned Bennett, unidades didácticas 1-3.
- Rexistro dende o Re grave ata o Do agudo.

SEGUNDA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 4 métodos propostos).

- Saxo tempo de Jean Yves Formeau, unidades didácticas 4-7.
- Écoute, je joue de Jean Yves Formeau, unidades didácticas 4-7.
- O saxofón de Daniel Novo, canción de 10 á 18.
- A new tune a day de Ned Bennett, unidades didácticas 4-7.
- Rexistro dende o Si grave ata o Fa agudo.

TERCEIRA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 4 métodos propostos).

- Saxo tempo de Jaen Yves Formeau, unidades didácticas 8-10.
- O saxofón de Daniel Novo, canción da 19 á 25.
- Écoute, je joue de Jean Yves Formeau, unidades didácticas 8-10.
- A new tune a day de Ned Bennett, unidades 8-10.
- Escala de Do Maior das Escalas de Daniel Novo (negra 60).
- Rexistro dende o Sib grave ata o Fa# agudo.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.

- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

- **10%** da cualificación: actitude fronte a materia (participación activa, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **30%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

A non asistencia sen causa xustificada en máis de 3 ocasións ao longo do trimestre levará consigo a realización dun exame ao final de cada trimestre se o alumno quere

recuperar a materia.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente.

En todo caso, para conceder a ampliación de matrícula será necesario que o/a alumno/a teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que este a realizar nesta materia e amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou tutores legais. O alumno terá dereito a exame ao rematar

cada trimestre no que deberá traer preparado todo o material proposto polo titor da materia e demostrar o seu dominio.

No caso de que o alumno non supere os contidos mínimos a pesar de ter asistido regularmente a clase, considerarase como non superado trimestre, no caso que isto suceda no 3º trimestre terá dereito a unha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño.

Probas extraordinarias de xuño

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de maio disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante as últimas semanas do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:

- Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

Recursos didácticos 1º do Grao Elemental

O seguinte listado supón unha guía de recursos didácticos do curso. O docente poderá propoñer outros recursos, de nivel parecido, que entenda mais adaptados para traballar dunha forma personalizada elementos musicais específicos.

Métodos de estudo

- | | |
|---------------------|--------------|
| • Escalas | Daniel Novo |
| • Saxo tempo 1 | J.Y.Formeau |
| • Écoute, je joue 1 | J.Y. Formeau |
| • A new tune a day | Ned Benett |
| • O saxofón | Daniel Novo |

• **Obras**

- Saxo tempo 1 J.Y. Formeau
- ABRSM Exam Pack 1 -----

Dúos

- Saxo tempo 1 J.Y. Formeau

6.2. Curso 2º do Grao Elemental

Obxectivos

- Adquirir un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer o funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Enriquecer a capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Acadar unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber

utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.

- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

Contidos

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Emisión do son en relación cas diversas dinámicas e alturas.
- Realización de exercicios técnicos para o control e a homoxeneidade dos dedos en diferentes ritmos.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores cos seus arpejos correspondentes ata tres alteracións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ao coñecemento das estruturas musicais, melodía, harmonía, etc..
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Criterios de avaliación 2º do Grao Elemental

- Facer un uso correcto da respiración.
- Adquirir unha posición corporal adecuada e unha embocadura correcta na práctica instrumental.
- Acadar a destreza técnica propia do nivel e do repertorio traballado.
- Demostrar certo control e nivel de mellora sobre a calidade e nivel sonoro, timbre e afinación do instrumento.
- Facer un uso correcto dos diferentes matices e articulacións traballados.
- Mostrar unha actitude positiva fronte a todas as actividades propostas, tanto individuais coma grupais e tanto na aula, coma na casa, coma en público (audicións e concertos).

Mínimos esixibles 2º do Grao Elemental

PRIMEIRA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 5 métodos propostos).

- Saxotempo 1 de Formeau, unidades didácticas 11-13.
- Écoute, je joue de Formeau, unidades didácticas 11-14.
- Supplementary studies de Endresen, estudos 1 ao 6.
- Novosaxo de Daniel Novo, da canción 26 á 35.
- A new tune a day, unidades didácticas 11 a 13.
- Escalas maiores e menores de ata 1 alteración propia das Escalas de Daniel

Novo .A escala cromática negra 40 picada e ligada.

√ Unha obra do Saxotempo ou outra escollida da programación de nivel similar a elección do profesor.

SEGUNDA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 5 métodos propostos).

- Saxotempo 1 de Formeau, unidades didácticas 14-17.
- Écoute, je joue de Formeau, unidades didácticas 15-18.
- Supplementary studies de Endresen, estudos 7 ao 13.
- Novosaxo de Daniel Novo, da canción 36 á 43.
- A new tune a day, unidades didácticas 14-17.
- Escalas maiores e menores de ata 2 alteracións propias (incluídas) das Escalas de Daniel Novo. A escala cromática negra 60 picada e ligada.

- Unha obra do Saxotempo ou outra escollida da programación ou nivel similar, a elección do profesor.

TERCEIRA AVALIACIÓN (realizar 2 dos 5 métodos propostos).

- Saxotempo 1 de Formeau, unidades didácticas 18-20.
- Écoute, je joue, unidades didácticas 19, 20 (vol1), unidades didácticas 1,2 (vol2).
- Supplementary studies de Endresen, estudos 14 ao 19.
- Novosaxo de Daniel Novo, da canción 44 á 50.
- A new tune a day, unidades didácticas 18-20.
- Escalas maiores e menores de ata 3 alteracións propias (incluídas) das Escalas de Daniel Novo velocidade negra a 60 .A escala cromática negra 80 picada e ligada.
- Unha obra do Saxotempo ou outra escollida da programación ou nivel similar, a elección do profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguemento de cada unha das sesións de clase.
- Seguemento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.

- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criteria de cualificación

- **10%** da cualificación: actitude fronte a materia (participación activa, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **30%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

A non asistencia sen causa xustificada en máis de 3 ocasións ao longo do trimestre levará consigo a realización dun exame ao final de cada trimestre se o alumno quere recuperar a materia.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente.

En todo caso, para conceder a ampliación de matrícula será necesario que o/a alumno/a teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que este a realizar nesta materia e amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais. O alumno terá dereito a exame ao rematar cada trimestre no que deberá traer preparado todo o material proposto polo titor da materia e demostrar o seu dominio.

No caso de que o alumno non supere os contidos mínimos a pesar de ter asistido regularmente a clase, considerarase como non superado trimestre, no caso que isto suceda no 3º trimestre terá dereito a unha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño.

Probas extraordinarias de xuño

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de maio disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante as últimas semanas de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:

- Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación de algúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos

esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

Recursos didácticos 2º do Grao Elemental

O seguinte listado supón unha guía de recursos didácticos do curso. O docente poderá propoñer outros recursos, de nivel parecido, que entenda máis adaptados para traballar dunha forma personalizada elementos musicais específicos.

Métodos de estudo

- Escalas

Daniel Novo

- Saxo tempo 1 Jean Yves Formeau
- Écoute, je joue 1-2 Jean Yves Formeau
- A new tune a day Ned Benett
- Supplementary studies Endresen
- Novosaxo Daniel Novo

Obras para saxofón en Mib

- Le sauge A. Ameller
- Chanson á Bercer E. Bozza
- Le campanile E. Bozza
- Menuet des Pages E. Bozza
- Parade des petits soldats E. Bozza
- Petite Gavotte E. Bozza
- Reves d´enfants E. Bozza
- A coeur joie W. Van Dorsselaer
- Musicolor W. Van Dorsselaer
- Dúas mini romanzas P. M. Dubois
- Prelude et renganine P. M. Dubois
- La La Land J. Hurwitz

- Tableaux de Aquitans J. M. Londeix
- Berceuse G.Martin
- Saxo Passion 1 G.Martin
- Pièces Célèbres 2 M.Mule
- Coconotes J.Naulais
- Berceuse M. Perrin
- Mélodie P. Rougeron
- Cisne C. Saint Saens
- Blue Eyes Simarro
- ABRSM Exam Pack 1,2 -----

Obras para saxofón en Sib

- Le sauge A. Ameller
- Le campanile E. Bozza
- Lied E. Bozza
- Obras saxo tempo J.Y. Formeau
- La La Land J. Hurwitz
- Saxo Passion 1 G.Martin

Dúos

- Saxo tempo 1 J.Y. Formeau

6.3. Curso 3º do Grao Elemental

Obxectivos

- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son nos diferentes rexistros.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Desenvolver da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Acadar unha seguridade técnica - dentro das esixencias do nivel - como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

Contidos

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores, e en intervalos de terceira, cos seus arpejos correspondentes hasta cinco alteracións, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ao coñecemento das estruturas musicais nos seus distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións, texturas, etc.
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Criterios de avaliación 3º do Grao Elemental

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras con fidelidade ao texto.
- Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumento.

Mínimos esixibles 3º do Grao Elemental

PRIMEIRA AVALIACIÓN (dous dos catro métodos propostos)

- Saxotempo de Formeau, unidades didácticas 21 a 23
- Écoute, je joue, unidades didácticas 3 a 7.

- 23 mini puzzles de Prati, exercicios do 1 ao 6.
- Supplementary studies de Endresen, estudos 20 ao 25.
- Escalas maior e menor de 0 alteracións propias en corcheas das Escalas de Daniel Novo negra 60 en diferentes. Escala cromática en negras, 100 de pulsación. Todo de memoria.

Unha obra do Saxo tempo ou ben da programación (ou nivel similar), a escoller polo profesor.

SEGUNDA AVALIACIÓN (dous dos catro métodos propostos)

- Saxotempo de Formeau, unidades didácticas 24 a 26.
- Écoute, je joue, unidades didácticas 8 a 11.
- 23 mini puzzles de Prati, exercicios do 7 ao 12.
- Supplementary studies de Endresen, estudos 26 ao 33.
- Escalas maior e menor de 1 alteración na armadura en corcheas das Escalas de Daniel Novo todo iso a negra 60 en diferentes articulacións. Escala cromática en negras 120 de pulsación. Todo de memoria.

Unha obra do Saxo tempo ou ben da programación (ou nivel similar), a escoller polo profesor.

TERCEIRA AVALIACIÓN (dous dos catro métodos propostos)

- Saxotempo de Formeau, unidades didácticas 27 a 29.
- Écoute, je joue, unidades didácticas 12 a 15.

- 23 mini puzzles de Prati, exercicios do 13 ao 16.
- Supplementary studies de Endresen, estudos 34 ao 37.
- Escalas maior e menor de 2 sostenidos na armadura en corcheas das Escalas de Daniel Novo a negra 60'. Escala cromática en corcheas, 66 de pulsación. Todo de memoria.

Unha obra do Saxo tempo ou ben da programación (ou nivel similar), a escoller polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á

avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

- **10%** da cualificación: actitude fronte a materia (participación activa, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
 - **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
 - **30%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
 - **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- 20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

A non asistencia sen causa xustificada en máis de 3 ocasións ao longo do trimestre levará consigo a realización dun exame ao final de cada trimestre se o alumno quere recuperar a materia.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non

suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente.

En todo caso, para conceder a ampliación de matrícula será necesario que o/a alumno/a teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que este a realizar nesta materia e amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou tutores legais. O alumno terá dereito a exame ao rematar cada trimestre no que deberá traer preparado todo o material proposto polo titor da materia e demostrar o seu dominio.

No caso de que o alumno non supere os contidos mínimos a pesar de ter asistido regularmente a clase, considerarase como non superado trimestre, no caso que isto suceda no 3º trimestre terá dereito a unha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño.

Probas extraordinarias de xuño

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de maio disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante as últimas semanas de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:

- Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación de algúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

- Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

Recursos didácticos 3º do Grao Elemental

O seguinte listado supón unha guía de recursos didácticos do curso. O docente poderá propoñer outros recursos, de nivel parecido, que entenda mais adaptados para traballar dunha forma personalizada elementos musicais específicos.

Métodos de estudos

- | | |
|-------------------------|-------------------|
| • Escalas | Daniel Novo |
| • Saxotempo 2 | Jean Yves Formeau |
| • 23 Mini puzzles | Hubert Prati |
| • Écoute, je joue 2 | Jean Yves Formeau |
| • Supplementary studies | Endresen |

Obras en Mi bemol

- | | |
|---------------------------|-----------------|
| • Divertimento gitano | Félix Antonini |
| • Dyptique | Rob Ares |
| • Fandango | F. Butchel |
| • Gavotte das damoiselles | Eugene Bozza |
| • Easy blues | Armando Ghidoni |
| • Melodie | Armando Ghidoni |



- Scherzettino Armando Ghidoni
- Howl's moving castle Joe Hisaishi
- Chanson duoce Gilles Martin
- Pezas clásicas célebres 2 Marcel Mule
- Saxofón clásico Michel Mériot
- Marcha Turca Wolfgang A. Mozart
- Pièce Gabriel Pierné
- ABRSM Exam Pack 3 -----
- ABRSM Exam Pack 4 -----

Obras en Si bemol

- Dyptique Rob Ares
- A l'ombre du crocher Robert Clerisse
- Easy Blues Armando Ghidoni
- Melodie Armando Ghidoni
- Scherzettino Armando Ghidoni
- Howl's moving castle Joe Hisaishi
- Églogue René Mignon
- Pièce Gabriel Pierné
- Concertino nº 25 Julien Porret
- Bagatelle Marcel Perrin
- Traumerei Robert Schumann

Dúos (utilizados para ler a 1ª vista)

- Bekannte duettes 2 Hans von Bodenmann



- 21 mini duettos Jean Bouvard
- Easy duets for beginners James Rae

6.4. Curso 4º do Grao Elemental

Obxectivos

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar os reflexos de precisión necesarios para corrixir de forma automática a afinación e a calidade do son.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar color e expresión á interpretación musical.
- Acadar unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

Contidos

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
